

## BARCIA AFIRMA QUE SE CONTRATÓ UNA EMPRESA EXTERNA PARA PINTAR EL PUENTE DE FEVE

Autor Administrator  
lunes, 29 de septiembre de 2008

El pintado del puente de FEVE en la Calle Eijo Garay en Burela se terminó con retraso una vez debían estar rematadas antes del verano.

O GMPP de Burela afirmou hoxe que o concello contratou unha empresa externa para pintar a ponte de FEVE na rúa Eijo Garay, a pesares de contar con persoal para facer tal traballo. Para os populares, este é un bo exemplo do desgobierno do alcalde, e de que os cartos dos cidadáns non lle importan agás a hora de cobrar a fin de mes.

Os populares tamén lamentan o enorme retraso en facer esta actuación, solicitada precisamente polo PP no mes de Abril, xa que houbo tempo sobrado de facela antes das Festas Patronais, que era o obxectivo que se marcaban desde o PP. Pero xa sabemos cales son as marchas do alcalde non permiten grandes velocidades, e por eso estamos no Outono e aínda queda outra ponte máis por pintar.

Para os populares, que non dubidan da capacidade do deseñador do pintado da ponte, faltou orientación política, porque estamos seguros que se o deseñador se lle indica o predominio de cores vencellados co mundo do mar, seguro que fai un deseño atractivo e conforme ao carácter mariñeiro do noso concello, como estaba antes do repintado e como se fixo no paso de Suafonte.

Por último, os populares piden que se coloquen as baranditas de protección na ponte de FEVE. O PP lembra que nos últimos meses preparouse un boceto no Centro de Formación Ocupacional, que logo non se levou a práctica. Ademais, piden que se dote de dote de alumiado ornamental o paso de Suafonte e a ponte de Eijo Garay.